

# PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU)

## Estrutura da proba

A proba de acceso ás ensinanzas universitaria oficiais de Grao (PAU) estrutúrase en **dúas fases** denominadas respectivamente Fase Xeral e Fase Específica.

**A Fase Xeral da PAU:** constará dos exercicios seguintes:

**1º) Lingua Castelá e Literatura:** Consistirá no *comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo*, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Castelá e Literatura.

**2º) Lingua Galega e Literatura:** Consistirá no *comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo*, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Galega e Literatura.

(Estarán exentos da realización deste exercicio os estudantes con exención da materia de Lingua Galega e Literatura nalgún dos dous cursos de bacharelato, así como os estudantes que non realizasen ningún dos seus cursos do bacharelato en Galicia).

**3º) Historia de España ou Historia de Filosofía:** Versará sobre as capacidades e contidos dunha das seguintes materias comúns de segundo de bacharelato: *Historia de España* ou *Historia da Filosofía*. Consistirá na *resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban seren avaliados* e o formato de resposta deberá garantir a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.

**Nota:** o estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU, a materia común (*Historia de España* ou *Historia da Filosofía*) da que se examinará.

**4º) Lingua Estranxeira [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués]:** O exercicio terá como obxectivo *valorar a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita* da lingua estranxeira da que se trate.

**Nota:** o estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU, a lingua estranxeira [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués] da que se examinará.

## **5º) Materia de modalidade de segundo de bacharelato.**

**Nota:** o estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU a materia de modalidade da que se examinará.

Cada un dos cinco exercicios da Fase Xeral da PAU **presentará dúas opcións diferentes** entre as que o **estudiante deberá elixir unha** e terá unha **duración máxima de hora e media**, establecéndose un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios de *Lingua Castelá e Literatura*, *Lingua Galega e Literatura* e da *Lingua Estranxeira* da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.

### **A Fase Específica da PAU**, de carácter **voluntario**.

Cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias de entre as de modalidade do segundo curso de bacharelato, que deberán ser distintas da materia de modalidade elixida para o 5º exercicio da Fase Xeral, sempre que o estudante se examine da Fase Xeral e da Específica na mesma convocatoria.

Cada un dos exercicios da Fase Específica da PAU presentará **dúas opcións diferentes** entre as que **o estudante deberá elixir unha** e terá unha **duración máxima de hora e media**, establecéndose un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

**Nota:** o estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU a materia ou materias (máximo de catro materias) de modalidade da/s que se examinará nesta fase específica.